



PREMIOS MIL
PRIMAVERAS

ACTA DO XURADO DOS VI PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO (2024)

Lugar: en liña a través da plataforma Jitsi Meet

Data: 8 de abril de 2025

Hora de comezo: 18.30 h

Hora de remate: 20.00 h

Integrantes do xurado:

- Concepción Cochón Rodríguez, técnica de normalización lingüística do Concello de Pontevedra, responsable do proxecto *CantáMOLA en galego* (premiado na edición de 2021), como presidenta,
- Iago Gordillo Trigo, titulado en comunicación audiovisual e responsable de *Recuncho Gamer* (premiado na edición de 2023),
- Marga Rodríguez Tilve, produtora audiovisual responsable de *CeibaRimas* (premiado na edición de 2023),
- Manuel Bermúdez Blanco, técnico de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, e
- Olga Patiño Abeixón, docente con experiencia en educación primaria e secundaria e na xestión de programas de normalización lingüística.

Intervén como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, vogal da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos VI Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2024), promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para recoñecer un máximo de **catro accións, campañas, programas ou proxectos**, sen establecer ningunha xerarquía entre os premios que se outorguen, de acordo cos seguintes criterios:

- A calidade da **planificación** do proxecto, coa axeitada determinación de **obxectivos, destinatarios/as, accións, necesidades e recursos, temporalización** etc.
- A **execución e desenvolvemento** adecuado das medidas e actuacións.
- A **innovación** do proxecto, a capacidade de **incidencia** e o **impacto** positivo para a lingua.
- A calidade e atractividade da **comunicación, deseño, imaxe, materiais**, etc.
- A axeitada **avaliación**.
- A **eficiencia** do proxecto.

Logo de avaliar as 36 propostas presentadas e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Brazolinda (Brazolinda)**

É un proxecto de deseño e fabricación de xogos de mesa en galego que ten máis de 10 anos de traxectoria. Iniciativa empresarial coa lingua galega como cerna, naceu co obxectivo de ofrecer, tanto ao profesorado como ás familias, material didáctico en galego que axude a normalizar o uso da lingua no tempo de ocio e de aprendizaxe. Destaca pola calidade dos seus produtos, por estar dirixido a un amplo abano de idades e por asociar o noso idioma ao xogo como ferramenta para o lecer, a aprendizaxe e a socialización. O xurado tamén salientou o emprego da lingua de forma transversal con contidos de matemáticas, ciencia, natureza, historia ou tradicións. Así mesmo, a través de obradoiros transmiten os obxectivos normalizadores a dinamizadores educativos e familias.

- **Galego para peques (Galego para peques)**

É un proxecto audiovisual nacido en 2023 para estender o uso do galego na infancia proporcionando recursos para educadores e familias. Pon o foco no período de adquisición da lingua e na necesidade de materiais para xogar e aprender en galego e co galego. O xurado destacou a calidade e a estética dos vídeos, cunha imaxe idónea para a franxa de idade destinataria. Tamén valorou a súa fácil difusión e a posibilidade de empregalos en diferentes contextos. Recoñeceu así mesmo a xenerosidade dunha iniciativa que comparte recursos diversos (contos, cancións, fichas para pintar e tamén de iniciación á lectura e á escritura) para que calquera persoa poida usalos, e salientou as potencialidades de interacción con outros programas de socialización en galego da infancia.

- **Modo galego, actívalo! (Concello de Ames e Real Academia Galega)**

É un proxecto de investigación-acción que busca dinamizar a lingua galega traballando asemade diferentes ámbitos: a educación, o lecer e as familias. É un programa exportable a outros lugares que combina a intervención e a avaliación, o que permite que poida

evolucionar de acordo cos resultados obtidos. Destaca pola colaboración entre institucións e pola implicación de diferentes axentes (docentes, alumnado, monitorado e familias) nun proxecto integral. O xurado tamén salientou aspectos como a súa planificación coidada e rigorosa, que promove a reflexión sociolingüística interxeracional e que incide en diferentes ámbitos de vida das crianzas co fin de facilitar a socialización en galego.

- **Vitamina G (CEIP Sagrada Familia, A Coruña)**

É un proxecto desenvolvido nun centro educativo de infantil e primaria que emprega a lingua galega como factor de cohesión e integración social, nun contexto cunha alta porcentaxe de alumnado de orixe migrante. Consegue unha grande implicación do alumnado, que crea os contidos mentres aprende, investiga e traballa a oralidade. O xurado tamén salientou a creatividade e a positividade na mensaxe (a lingua como un suplemento vitamínico), que é un proxecto replicable e que se trata dunha intervención para un contexto cada vez máis xeneralizado: diversidade lingüística e cultural onde o galego suma. Tamén valorou a proxección do proxecto fóra do ámbito académico e o impacto nas familias.

Por último, o xurado quixo recoller na acta a alta calidade e a riqueza dos proxectos presentados, que cobren ámbitos moi diferentes, inciden en aspectos complementarios e focalizan o uso da lingua en distintos contextos de uso. As persoas integrantes do xurado destacaron que todos os proxectos presentados son valiosos e necesarios e dan azos para crer que é posible un futuro mellor para a nosa lingua.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta dá por finalizada a reunión e eu, como secretaria, redacto esta acta.

A secretaria

A presidenta

Anexo: bases dos VI Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2024)